

A Xunta Reitora acordou hoxe convocar a Asemblea Xeral Ordinaria da Comunidade de Montes en Mán Común para o vindeiro sábado 4 de marzo, ás 09.00 am na súa primeira convocatoria e ás 11.00 na súa segunda e derradeira, no Centro Social do Mesón co seguinte **ORDE DO DÍA**.

1.- Aprobación, se é o caso, das actas das Asembleas de 29.10.2022 e 26.11.2022.

2.- Ratificación, se é o caso, dos acordos adoptados nas Asembleas Xerais Extraordinarias de 28.09.2022 e 29.10.2022.

a. Contas anuais dos exercicios 2018, 2019, 2020 e 2021 propostas pola Xunta Reitora.

b.- Actualización do censo de veciños-comuneiros.

c- Ratificación da solicitude feita polo Presidente de axuda das publicadas na Orde da Consellería do Medio Rural de 31.12.2020 sobre impulso á gobernanza das comunidades de montes en mán común na súa liña 1, asumindo as obrigas derivadas da concorrència competitiva á mesma.

d. Autorización ao Presidente para ceder o cobro da axuda ou subvención referida no apartado anterior á empresa "CERNA, INGENIERÍA Y ASESORÍA MEDIOAMBIENTAL, S.L. (en diante CERNA)".

e.-Aprobación da proposta da Xunta Reitora de deslinde parcial entre o Monte veciñal de Codesoso e o de Brañas-Toques nos termos tratados o 12.09.2022 por ambos os dous Presidentes coa asistencia técnica da empresa CERNA".

f. Modificación dos artigos 11, 13 e 36 dos Estatutos da Mancomunidade nos termos aprobados na Asemblea Xeral Extraordinaria do 29.10.2022.

3.- Debate a aprobación, se é o caso, das contas anuais de 2022.

4. Proposta da Xunta Reitora da fixación dunha cota extraordinaria para o ano 2023 na contía de 400 € por cada comuneiro/a.

5.- Proposta da Xunta Reitora para aprobación de determinados arrendamentos de vixencia anual prorrogábel de terreos do Monte Veciñal a persoas comuneiras ou a terceiros. O prazo para as ofertas abrirase mañá e decorrerá até a véspera da Asemblea por acordo da Xunta Reitora de hoxe.

6.- Acordo da Asemblea a respecto da proposta para a celebración no Campo das Pías dunha festa o domingo 28.05.2023 (de Pentecostés).

7.- Rogos e preguntas.

A documentación a propoñer atópase ao dispor das persoas comuneiras no Despacho Pérez-Lema, Avogados e Consultores no email administracion@perezlema.gal.

Codesoso-Sobrado dos Monxes, 14.02.2023.

COMUNIDADE MONTES EN MÁN COMÚN
C.I.F. V-15427735
San Miguel de Codesoso, 29
15815 SOBRADO DOS MONXES
A Coruña - Tel. 699 217 404

VECIÑOS/AS COMUNEIROS/AS DA COMUNIDADE DE MONTES EN MÁN COMÚN DE CODESOSO.